

## ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG do 18 de setembro), a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 11 do DECRETO 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, corresponde elixir no presente proceso electoral a 2 pai/nai, dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar.
2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os/as titores/as legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente que, a partir do día da data, está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 6 de novembro.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os/as titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do citado día 8 de novembro.
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día 11 de novembro, ás 11:10 horas. Dita mesa electoral estará composta polo director do centro, que actuará como presidente, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando como secretario/a o/a de menor idade.
5. A campaña electoral comprenderá dende o 12 ao 15 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos/das candidatos/as, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do CPI.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os/as pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola sinatura de 10 electores/as.
7. As votacións realizaranse neste IES o día 18 de novembro, de 18:00 a 19:30 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 17:45 horas.
8. Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de 1 nome dos/das candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa personalidade



- á hora de votar, mediante exhibición do DNI, ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá voto por correo.
9. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o/a titor/a legal do alumnado.
  10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para seu envío á Xunta Electoral do centro.
  11. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ferrol, 30 de outubro de 2024.

O presidente da Xunta Electoral,

Faustino Seco Penedo.